



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación co aproveitamento das lousas de pedra descubertas na obra que se está a executar de recuperación do casco histórico de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez empezadas as obras para a recuperación do casco histórico de Carreira, tras proceder ó levantamento da capa de cemento da rúa que vai a Parte al Río, partindo do cruce da Muíñeira, poden observarse uns perpiaños de dimensión considerábel e cun axeitado perfilado.

As lousas alí presentes atópanse en moi bo estado de conservación, polo que sería razoable considerar non cubrilas con chapado de pedra e aproveitar as mesmas para dar ó entorno un aspecto de máis rusticidade, procedendo onde sexa necesario á súa restauración ou incluso se ésta fora insuficiente á colocación de novas lousas de similares características.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal, e tendo en conta a valoración dos técnicos municipais, se proceda a considerar a posibilidade dun modificado do proxecto actual, no que se poidan aproveitar as lousas de pedra existentes, o que daría ó entorno un aspecto máis crible de rehabilitación.

Ribeira, 22 de xaneiro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA